

# A lectora de mentes

CÉSAR MALLORQUÍ

Ilustracións de Sergio García





**A lectora de mentes**



CÉSAR MALLORQUÍ

# **A lectora de mentes**

Ilustracións de Sergio García

**rodeira**

Título orixinal: *La lectora de mentes*

© César Mallorquí, 2021

© Ilustracións Sergio García, 2021

© Tradución: Isabel Soto

© Ed. Gal.: Rodeira, 2021

Rúa Xosé Chao Rego, 8

15705 Santiago de Compostela (A Coruña)

[www.edebe.com](http://www.edebe.com)

Atención ao cliente: 902 44 44 41

[contacta@edebe.net](mailto:contacta@edebe.net)

*Directora de Publicacións:* Reina Duarte

*Editora de Literatura Infantil:* Elena Valencia

*Deseño da colección:* Book & Look

1.<sup>a</sup> edición, outubro 2021

ISBN: 978-84-8349-717-3

Depósito legal: B. 1103-2021

Impreso en España

Printed in Spain

EGS – Rosario, 2 – Barcelona

Calquera forma de reprodución, distribución, comunicación pública ou transformación desta obra só pode ser realizada coa autorización dos seus titulares, agás excepción prevista pola lei. Diríxase a CEDRO (Centro Español de Dereitos Reprográficos) se necesita fotocopiar ou escanear algún fragmento desta obra ([www.conlicencia.com](http://www.conlicencia.com); 91 702 19 70 / 93 272 04 45)..

# Índice

1. A asombrosa cabeza de Olivia .....	7
2. Patrulla X .....	19
3. O neno prodixio .....	43
4. O monstro .....	65
5. A muller asustada .....	81
6. O encontro .....	99
7. O ogro e o cabaleiro andante .....	117
8. A escuridade e a luz .....	133
9. A supernena .....	151
10. A rapariga X .....	157



# 1

## A asombrosa cabeza de Olivia

Olivia tiña catro anos cando leu, por vez primeira, a mente da súa nai. Aconteceu durante unha fermosa mañá de primavera, no parque que estaba preto da súa casa; Olivia xogaba coa súa boneca favorita mentres a nai, sentada nun banco ao seu lado, lía un libro. De súpeto, a muller alzou a vista, contemplou o macizo de flores que medraba cabo delas e pensou: «Que rosas tan bonitas. E como recenden...».

Olivia estaba mirando para ela e decatouse de que non movía os beizos; non obstante, si que escoitaba con claridade a voz da nai dentro da cabeza. Non lle estrañou; cando se teñen catro anos non hai moitas cou-



sas que che estrañen. No fin de contas, para unha pícara tan pequena todo no mundo é novo, así que non lle pareceu raro oír alguén falar sen que abrise a boca.

Pero era raro. Moito.

A partir dese momento, o poder de Olivia ía e viña. Ao primeiro, só podía «oír» os pensamentos da nai, aínda que non sempre; ás veces si, ás veces non. Logo, ao cabo duns meses, comezou a «ler» a mente do seu pai, do mesmo modo, intermitentemente.

Non ben fixo os cinco anos sucederon varias cousas. A primeira, que lle naceu unha irmá, Sofía. Olivia estaba confusa; por unha banda, facíalle ilusión ter unha irmá, pero por outra amolábaa que os pais lle pres-tasen tanta atención a aquela nena da teta acabada de chegar. Sentíase unha miga abandonada; antes a raíña da casa era ela, pero agora aquel bebé repoludo e rosado furtáralle o trono. Así a todo, ao «explorar» as mentes dos pais comprendeu que o seu amor por ela non esmorecera; só se estende-

ra a outra persoa. E isto aquietouna e permitiulle aceptar o novo membro da familia sen se sentir celosa nin abandonada.

A segunda novidade foi que aprendeu a ler. Dende moito antes sabía que os curiosos signos que había nos libros, ou nos xornais, ou nos rótulos e carteis que enchían as rúas, en realidade eran palabras. E dáballa unha rabia enorme non ser quen de entendelas, así que lle pediu á nai que lle aprendese.

—Aínda es moi nova, Oli —respondeulle—. O ano que vén, cando comeces a primaria, ensinaranche.

Pero para Olivia un ano era unha eternidade, de modo que decidiu aprender pola súa conta. Cando a nai ou o pai lían, ela metíase nas súas cabezas, vía a través dos seus ollos as palabras escritas e «escoitaba» os seus pensamentos mentres descifraban o texto. E así foi como aprendeu a ler: léndolles as mentes.

En terceiro lugar, o poder de Olivia foi medrando aos poucos. Cada vez lía os pensa-

mentos durante máis tempo; e, o que era máis importante, empezou a «oír» as mentes doutras persoas, á parte das dos pais. A primeira delas foi a da señorita Marisa, a súa mestra na escola infantil. E tras a mente da mestra, viñeron as dos nenos e nenas da clase. E logo, as de todo o mundo.

Daquela Olivia descubriu algo: a mente de cada persoa ten un «olor», ou un «sabor», ou un «son», ou un «tacto» distintos. Por desgraza, os idiomas non posúen as palabras necesarias para describir a pegada mental dos cerebros, a súa aura, porque os humanos normais non a dan percibido, de maneira que Olivia tiña que recorrer a imaxes e metáforas.

A mente da súa nai era coma o aroma a herba acabada de cortar. A do seu pai, coma a crepitación do lume nunha cheminea. A da mestra, como cando alumiñas unha tea de veludo. As da cativada, coma z Unidos de abellas. Había mentes que eran coma un trono, ou coma un arroio maino, ou coma o recendo

---

do pan saído do forno, ou coma o tacto do coiro... Pero tamén había mentes que apes-  
taban, mentes que eran ásperas coma a lixa,  
mentes que a aflixían ou lle metían medo.

Con todo, nunca topou nada tan horrible e  
nauseabundo como cando, algúns anos des-  
pois, captou a mente do monstro.

\* \* \*

Ao comezo, Olivia non lle dixo a ninguén  
que lía os pensamentos. Supuña que todo  
o mundo era capaz de facelo, así que para  
que contalo? Pero logo deu en sospeitar que  
non todos tiñan esa capacidade. Ás veces,  
respondía unha pregunta do seu pai ou da  
súa nai antes de que lla formulasen en voz  
alta, e captaba nas súas mentes que iso os  
desconcertaba. «Que pequecha máis intuiti-  
va!», pensaban; ou ben fitábana estrañados  
e abraidos, sen lle atopar explicación. Hou-  
bo unha vez que o seu pai concluíu: «Nin  
que tivese telepatía!».

Telepatía. Olivia non coñecía esa palabra, así que entrou en Internet e púxose a busca-la en Google: *Fenómeno que consiste na transmisión de pensamentos entre persoas, polo xeral distantes entre si, que se produce sen intervención dos sentidos ou de axentes físicos coñecidos.*

Segundo a Galipedia, a maior parte dos científicos afirman que a telepatía non existe, que as persoas non poden ler a mente. E mesmo os que si cren que existe coidan que só unhas poucas, ben poucas, posúen ese don.

Deste xeito, Olivia comprendeu que ela era diferente. Pero non llo dixo a ninguén. Malia ser pequecha, xa se decatara de que as persoas diferentes adoitan espertar receo nos demais. E non só receo, senón tamén temor. Cando tiña oito anos, a súa mellor amiga era unha compañeira da escola chamada Adela. Sentaban xuntas na clase, xogaban xuntas durante os recreos, compartían confidencias, as fins de semana víanse no parque... Eran case coma dúas irmás.

Ata que un día Olivia lle confiou a Adela o seu segredo. Ocorreu durante o recreo, mentres estaban nunha esquina do patio falando das súas cousas. Adela dixo:

—Cando medre, hei ser unha persoa importante. Unha persoa especial.

Remarcou moito o de «especial». Encantáballe esa palabra.

—Como que especial? —preguntou Olivia.

—Serei unha actriz famosa, ou unha *top model*, ou unha *influencer*. Algo así, xa sabes. Olivia cavilou un intre.

—Pois eu xa son especial —dixo.

Adela botouse a rir.

—Non es especial —replicou.

—Si que o son.

—Diso nada. Es unha nena normal e corrente.

—Son unha nena, si, pero fago cousas que os demais non poden facer.

—Ai, si? —respondeu Adela con aire retador—. Que cousa, por exemplo?

Olivia gardou silencio uns segundos.

—De acordo, direicho —contestou—. Pero tes que prometerme que non llo contarás a ninguén.

—Prometido —dixo Adela en ton burleiro.

—Podo ler os pensamentos da xente.

—Que?

—Que podo ler os pensamentos. Chámase telepatía. Son telépata.

Adela volveu rir, agora ás gargalladas.

—Iso é mentira! —exclamou.

—Non tal! —replicou Olivia, moi seria—. Podo facelo.

—Si? Pois demostramo.

—Moi ben. Pensa en algo.

Adela sorriu toda foncha e imaxinou unha bonita ovella.

—Estás pensando nunha ovella —dixo Olivia.

O sorriso esvaeceuse dos beizos de Adela. Pensou en algo distinto: un paraugas.

—E agora? —preguntou.

—Nun paraugas. Por que pensas niso se non vai chover?

Adela recuou un paso. «Non pode ser; ten que tratarse dun truco», dixo para si.





—Non hai truco ningún —retrucou Olivia—. Acabo de dicircho: podo ler os pensamentos.

Pampa, Adela contemplou con temor a que ata daquela fora a súa mellor amiga. «É meiga...», pensou.

—Non son ningunha meiga! —rosmou Olivia—. Son telépata.

Adela ceibou un xemido e, cos ollos cheos de bágoas, pegou a correr, arrepiada.

\* \* \*

Un anaco máis tarde, antes de que rematase o recreo, Matilde, unha das coidadoras, levou as dúas nenas a unha das salas de reunións para falar con elas.

—Escóitame ben, Adela —díxolle—. A telepatía non existe; ninguén pode ler os pensamentos.

—Ela si —rebateu Adela, sinalando cun dedo tremente a Olivia—. Meteuse na miña cabeza...

Matilde suspirou.

—A ver, Olivia, ti dixécheslle a Adela que eras telépata? —Olivia asentiu—. Pois dille que é mentira, que era unha broma.

Olivia tragou saliva e baixou a vista.

—Era unha broma —musitou—. Síntoo.

—Non, non! —protestou Adela—. Meteuse na miña cabeza!

Por máis que o intentou, Matilde non a deu convencido do contrario, polo que ao final solucionou o asunto dicindo:

—Abonda de parvadas. Dade a man e facede as paces.

Pero Adela negouse a darlle a man á súa examiga; metíalle demasiado medo. De feito, a partir dese momento, non só non lle volveu dirixir a palabra, senón que ademais procuraba manterse sempre lonxe dela.

Dese xeito, Olivia descubriu que o seu poder, de confesalo, amedrentaría a xente. E non era difícil entender por que. As persoas coidan que só elas teñen acceso ao interior da súa cabeza; só alí poden ser elas mesmas, sen finximentos. De feito, aí, na mente, as persoas

gardan os seus segredos máis íntimos, os seus temores, as súas esperanzas, os seus fracasos, os seus desexos e desenganos. Por iso, saber que alguén, á parte delas, ten acceso ao máis privado de si mesmas faría que se sentisen vulnerables e espertaría primeiro medo e despois odio.

Xa que logo, Olivia xurou que xamais lle revelaría a ninguén, baixo ningunha circunstancia, o segredo do seu poder.

Ao mesmo tempo, Olivia comezou a sospeitar que ela era a única persoa do mundo dotada con tal habilidade. E malia que isto a facía sentirse especial, tamén lle provocaba certa sensación de soidade.

E así foi, ata que coñeceu a Carlos.